

Boullón Agrelo, Ana Isabel (1997): «Procesos de castelanización nos apelidos galegos», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol.1, pp. 195-219.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

PROCESOS DE CASTELANIZACIÓN NOS APELIDOS GALEGOS

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO

(Universidade de Santiago / Instituto da Lingua Galega)

1. ASPECTOS SOCIOLINGÜÍSTICOS

A castelanización da onomástica galega é unha das consecuencias do proceso desgaleguizador que comezou nos textos escritos a finais do século xv, pero non se deu de maneira tan extensa como parece indica-lo cambio de lingua en practicamente tódolos usos escritos que se verificou posteriormente. Como se sabe, a onomástica é en xeral un dos ámbitos do léxico que máis se resiste ó cambio, se ben cómpre distinguir entre o que ocorre coa toponimia, sempre máis conservadora¹, e coa antroponimia; nesta última materia é necesario distinguir se se trata do apelido (en francés *nome de famille*, inglés *surname*, italiano *cognome*, alemán *Nachname*) que, polo seu carácter hereditario, é menos dado ós cambios, ou do nome de pía (fr. *prénom*, it. *prenome*, al. *Vornamen*, ing. *name*), que presenta unha maior variabilidade, perceptible sobre todo ó longo do tempo, por estar máis suxeito ás modas sociais e poder cambiar de xeración en xeración. O carácter individual e cambiante dos nomes persoais permite ir recoñecendo as mudanzas históricas e proporciona un bo prisma sociolingüístico e sociocultural para cada etapa.

Así, podemos afirmar que no seu conxunto, a galegitude do corpus dos apelidos galegos é doadamente recoñecible, pero non ocorre o mesmo co dos prenomes, xa que o cambio do sistema onomástico é un dos primeiros síntomas de asimilación cultural: se retrocedemos ás orixes da nosa historia, cando non existían, coma hoxe, apelidos hereditarios, e examinámo-la evolución do conxunto antroponímico do noso país durante a Idade Media, constatarémo-la paseniña

1 O cal non quere dicir que escapasen ós procesos de castelanización, cuns procedementos semellantes ós da antroponimia, aínda que, supoñemos, menos anárquicos (véxase Santamarina 1988).

substitución dos nomes de orixe prerromana (ben sexan celtas, ibéricos ou vascos) polos nomes cristiáns (de orixe grega ou latina), o gran éxito dos nomes xermánicos e maila aparición dos nomes árabes, todos eles distintos estratos que nos falan de etapas sucesivas da historia de Galicia. Da mesma maneira, o proceso de castelanización trala Idade Media influíu de tal maneira que o grupo de nomes de pía —non, insistimos, no dos apelidos— a penas se pode diferenciar estatisticamente do español².

Varios foron, como se sabe, os factores que impulsaron este proceso substitutorio. Por unha parte, cómpre ter en conta a fonda influencia da Igrexa católica, que exerceu unha presión uniformadora instando os sacerdotes a poñerenlle a cada neno nacido nomes cristiáns, «para que teña modelos e exemplos que imitar e para que o protexa o patrocinio celestial»³. Estas restriccións onomásticas por parte da administración eclesiástica remóntanse polo menos ó século XVI:

Quando baptizades [...] ponedles los nombres de los sanctos e sanctas que estan en el cielo, porque se les deis por abogados, e no Hector ni Roldan ni otros que habeis acostumbrado a les poner⁴.

O intervencionismo eclesiástico non só supuxo a homoxeneización dos nomes, senón que tamén axudou decididamente na substitución das formas galegas polas castelás no ámbito oficial. Pero este foi un proceso lento, máis lento có de cambio de lingua nos documentos oficiais; de feito, a maior parte dos nomes galegos conserváronse nos textos administrativos, a pesar de estaren estes redactados en castelán, moito máis alá do século XV, momento en que esto empeza a ocorrer de forma sistemática:

Pode chamárno-la atención ver como o uso dos nomes e apelidos galegos e en galego estivo vixente nos libros de bautizados, de casamentos e defuncións, nos de fábrica cos nomes de mordomos e mordomas e nos de confrarías cos de confrades e confradas. Polo tanto, a desgaleguización dos nomes e apelidos é posible que sexa máis recente do que pensabamos, impulsado desde arriba polo estado

2 Independentemente dunha certa moda que se pode apreciar nos últimos tempos, que consiste en poñerlles ós nenos nomes considerados «galegos» (como *Roi*, *Antía*, etc.), tendencia que aínda está por estudar e avaliar cuantitativamente. Hai que ter en conta, por outra parte, que unha boa parte dos nomes galegos máis comúns coincide formalmente en boa medida cos casteláns (como *Manuel*, *Ramón*, *Francisco*, *Carlos*, *Fernando* entre os masculinos, ou *María*, *Concepción*, *Rosa*, *Mercedes* ou *Ana* entre os femininos (vid. Ferro Ruibal 1992: 41-43).

3 Canon 761 do Código de Dereito Canónico, citado por Ferro Ruibal (1992: 35).

4 Sínodo de Ourense de 1544, reproducido por García y García (1981: 153).

e pola Igrexa: abundou, ben veces, coa simple decisión unilateral do escribán ou crego correspondente para mudarlle a un labrego o seu nome ou apelido xenuinamente galego por outro equivalente castelán. Os autóctonos Paios foron facéndolle un sitio ós espúreos Pelaios e Pelayos, os Domingos perden o -s final, e os Albertes vanse arredondando en Alberto (Lema 1991: 123).

O estudio dos Rexistros eclesiásticos no séc. XVIII permite ver testemuños tan curiosos como a mudanza do nome feita a un mesmo individuo, ás veces no mesmo folio: Patricio de Outeiro convértese unhas liñas máis abaixo en Patricio de Otero, José de Vilariño en Joseph de Villarino ou Baltasar de Vilanova en Baltasar de Villanueva (Lema 1991: 123). Seguramente estes cambios non son fenómenos esporádicos, senón que reflicten unha práctica habitual na documentación administrativa. Un estudio máis pormenorizado deste tipo de textos permítenos comprobar que a castelanización ocorre en grao diferente segundo, por unha parte, o crego concreto que redactase o documento e, por outro, o tipo específico de documento de que se tratase, máis acusado nos libros de bautizados, quizais porque

foron considerados verdadeiros documentos oficiais, oficiais de mais, e os cregos-escribáns créronse na obriga de inscribir «correctamente» ós nados da súa parroquia cos seus nomes en castelán, idioma referencial da corrección (...). Deste xeito, podemos comprobar como noutro tipo de libros parroquiais, coma os de contas de fábrica e das confrarías —onde se reseñan os ingresos e os gastos da comunidade parroquial— o escribán que pasa as contas ós folios ten unha maior liberdade para recoller con máis fidelidade os nomes reais (e, ás veces, mesmo os seus alcumes) dos protagonistas dos «cargos» e «datas» anuais da freguesía (...). Nestes libros o subconsciente idiomático colectivo non está tan reprimido coma no caso dos libros dos bautizados e as formas netamente galegas dos nomes —e apelidos— seguen persistindo ó longo de todo o XVIII, e aínda van termando do carro ata ben entrado o séc. XIX (Lema 1993: 128).

É así como se pode aprecia-la resistencia, en maior ou menor grao pero sempre de forma decrecente, de formas como *Joan* fronte a *Juan*, *Paulo* fronte a *Pablo*, *Estebo* fronte a *Esteban*, *Christobo* fronte a *Christóbal*, *Lourenzo* fronte a *Lorenzo*, *Catarina* (ou as variantes *Caterina* ou a híbrida *Cataliña*) fronte a *Catalina*, *Margarida* fronte a *Margarita*, *Locaia* fronte a *Leocadia*, *Mariña* (un dos nomes máis frecuentes entre as galegas medievais) fronte a *Marina*, etc. (Lema 1993: 127-128).

Cando a xurisdicción civil se organizou de maneira que asumiu moitos dos labores que ata daquela desempeñaba a Igrexa de xeito case xeneralizado (con-

fección de rexistros, etc.), seguiu contribuíndo eficazmente nesta tendencia castellanizadora⁵; véxase por exemplo, xa no noso século, unha Orde do 9-2-1939 na que se concedían setenta días para corrixir nomes «que estivesen viciados con la designación de nombres exóticos, extravagantes o demás... con el objeto de que puedan solicitar la imposición del nombre o nombres que hayan de sustituir a los declarados ilegales» (Ferro 1992: 36).

A lei que finalmente confirma que os rexistros civís deben admitir de maneira exclusiva os prenomes casteláns data do 8 de xuño de 1957 (artigo 54). Sen embargo, desde antes desa data nos territorios españois con linguas propias intentouse sortear esa restricción: no propio 1957 acéptase en Barcelona a primeira *Mireia* trala Guerra Civil; en 1970 rexéitase en Guipúscoa o prenome feminino *Maitane*, e en Barcelona *Bernat*; en 1971 as autoridades xudiciais opoñíanse ó rexistro do vasco *Iñaki*, e do catalán *Jordi* en 1972 (Moreu-Rey 1991: 170). Sen embargo, contra o 1974 xa era normal a inscrición de nomes cataláns, aínda que a lei permite a inscrición de nomes en tódalas linguas do Estado só desde 1977 (e a modificación, gratuíta, do nome castelán para o galego, cun simple trámite ante o Rexistro Civil). Tamén se rexistran nomes galegos desde antes desta data: o Censo Electoral que nos serviu de base para o noso estudio dos apelidos permítenos comprobar que en 1980 había electores (logo, maiores de 18 anos, e con probabilidade inscritos antes da dita reforma do Rexistro Civil) que levaban o nome de *Xoán* (51) ou *Xan* (20), *Xavier* (28), *Xerardo* (10), *Xosé* (309), *Xosefa* (17), *Xulio* (20), *Xurxo* (22) e outros. Non cabe dúbida que esta tendencia aumentou, pero aínda está por face-lo estudio que nos indique en que proporción.

Non imos continuar co exame dos prenomes galegos, cambiantes, como dixemos, de xeración en xeración. Centrarémonos na análise lingüística dos cambios, efectuados desa maneira consciente pero nunca sistemática, que se operaron nos apelidos galegos.

2. ASPECTOS LINGÜÍSTICOS

Examinaremos diversos aspectos dos distintos graos de alienación lingüística baseándonos nos datos tirados do censo electoral de Galicia de 1980 (1.843.441 galegos), tratados informaticamente e interpretados polo profesor Dieter Kremer⁶.

5 Non cómpre dicir que esta situación sociolingüística non é exclusiva de Galicia: aínda que en Cataluña, por exemplo, a castellanización da documentación oficial se deu máis tarde, a dos antropónimos tivo lugar igualmente (vid. Moreu-Rey 1991: 147-154).

6 En Kremer (1994). A mostra pódese considerar representativa, pero hai que ter en conta que, ó ser electoral, só recolle os maiores de dezaioito anos (isto é, os nados antes de 1962, polo

Escollemos, polo xeral, formas non coincidentes co castelán pero de tradución transparente, para poder apreciar claramente a existencia de deturpación (de aí que os patronímicos só sexan mencionados de maneira tanxencial), e que fosen estatisticamente relevantes: a maioría dos tratados forman parte dos 200 apelidos máis frecuentes, todos eles con máis de 2.000 ocorrencias.

Nesta relación, na que ocupan os primeiros lugares os patronímicos (*Rodríguez, Fernández, González, Pérez, López...*), o primeiro dos que se axusta ás características anteriormente descritas é *Iglesias* (é o décimo máis frecuente), de orixe toponímica, baseado nun nome de lugar común. Significativamente, este apelido le tradución tan clara e de frecuencia tan alta foi sistematicamente castellanizado: de tódolos equivalentes galegos usuais dos topónimos correspondentes (*Eirea, Irexa*, etc.: vid. Moralejo 1977: 296-7), non atopamos máis ca unha forma semelante á estándar moderna (*Igrexa, Igrejas*, con castellanización fonética e só 3 ocorrencias, e unha forma parecida, sen palatalización, *Igresias*, aparece 2 veces. Esta tónica é xeral: a maior transparencia do apelido, maior tendencia á castellanización. Isto é o que ocorreu con *Romeu* ou *Romeo*, dos que hoxe hai moitos menos ca *Romero* e, curiosamente, aínda menos có seu equivalente catalán, *Romaní*⁷. Seguindo cos máis frecuentes, non foi castellanizado sistematicamente *Salgado* (do que se debía descoñecer a equivalencia), nin *Carballo* (pois o seu equivalente castelán, *Roble*, é demasiado diferente; *Carbajo* existe en asturiano). Esa mesma falta de transparencia preservou a *Vázquez* fronte a *Velázquez*, ou a *Cao, Estévez, Insua, Méndez, Padín, Pombo*, ou *Saavedra* fronte a *Cano, Estébanez, Ínsula, *Paladín, Palomo* ou **Salavieja* (ou **Salaviedra*), respectivamente. No caso de *Pena*, aínda existindo un paralelo *Peña* castelán, posiblemente foi identificado co substantivo *pena* do castelán (gal. 'pena, mágoa'), o que o debeu preservar do cambio. Da mesma maneira vemos como moitos nomes tradicionais subsistiron por estaren funcionando como apelidos, e non ser tan inmediata a súa versión en castelán. Así vemos que son maioritarios *Tomé* fronte a *Tomás*, *Sueiro* fronte a *Suero*, *Eirea* fronte a *Irene*, *Santalla* fronte a *Santaaulalia*, *Giao* fronte a *Julián*, *Sanjurjo* fronte a *Sanjorge*, etc. A esta tendencia xeral de conservación antroponímica escapa *Alonso*, que ocupa o 16.º lugar na relación de frecuencias, e son moi poucos, comparati-

que non se pode apreciar o incremento de galeguización de apelidos desta data para acá; ademais, o censo é de 1980 e a lei que permite a galeguización da antroponimia é de 1977; en todo caso, o procedemento é máis complexo no caso dos apelidos, por afectar á descendencia), a existencia de moitos erros materiais na confección do dito censo (que se reflicten en multitude de erratas), e o feito de faltaren os datos dunha provincia. En xeral, indicamos a seguir de cada forma os números absolutos, e as formas galegas antes cás castelás; cun til (~) sepáranse as variantes gráficas ou dialectais.

7 Como se sabe, houbo unha inmigración catalana no séc. XIX ás zonas costeiras para explora-la industria da salgadura.

vamente, os *Afonso* conservados. Da mesma maneira, *Nunez* ou *Nunes* a penas se documentan ó lado do moi frecuente *Núñez*.

Formas galegas

Afonso 716, Alfonso 1506
 Balea 211
 Cao 3058
 Carballo 7071
 Eirea 118
 Estévez 15897 ~ Esteves 25
 Gao 175 ~ Gián 1
 Igrejas 3, Iglesias 2
 Insua 3024
 Liñares 2508
 Lois 2747
 Méndez 13723
 Núñez 136 ~ Nunes 13
 Padín 3463
 Pena 10465
 Pombo 3104
 Romeu 207 ~ Romeo 245
 Saavedra 2687
 Salgado 8279
 Sanjiao 15 ~ Sanjiau 2
 Santalla 981 ~ Santaballa 11 ~ Santabaya 133 ~ Santoailla 3 ~ Santolalla 1 ~ Santolaria 9
 Santamariña 233
 Santander 13 ~ Santandré 27 ~ Santandreu 3 ~ Santandreo 1, Santoandré 30, Santoandrés 1, Santomé 1323 ...
 Sanxurxo 1 ~ Sanjurjo 1764
 Seoane 9529 ~ Seivane 37
 Sueiro 2169
 Taboada 6639
 Tomé 2321
 Trindade 3 ~ Trindade 2
 Ugía 13 ~ Ujía 1 ~ Ogea 41 ~ Ojea 1337 ~ Egea 10 ~ Ejea 5
 Vázquez 66242

Formas castelás/castelanizadas

Alonso 31379
 —
 Cano 214
 Carbajo 151
 Irene 1
 Estébanez 22
 Julián 72
 Iglesias 40290
 Ínsula 1
 Linares 363
 Luis 976
 Menéndez 690
 Núñez 13427
 —
 Peña 2961
 Palomo 1
 Romero 14486, cat. Romaní 259
 —
 Salado 19
 Sanjulián 7
 —
 Santaeulalia 2
 Santamarina 443
 —
 Santomás 13
 Sanjorge 245
 Sanjuan 832
 Suero 34
 Tablada 1
 Tomás 146
 Trinidad 79
 —
 Eugenia 4
 Velázquez 138

En diante agruparemos baixo distintos aspectos lingüísticos (gráfico-fonéticos ou morfolóxicos) os diferentes tipos de deturpación sufridos polos apelidos galegos.

2.1. CUESTIÓN GRÁFICO-FONÉTICAS

2.1.1. *A inercia gráfica*

Hai que ter en conta en primeiro lugar un certo tipo de castelanización que poderíamos chamar «pasiva», pois consiste na continuación das grafías latinas ou medievais que, moitas veces, coinciden co castelán: é o caso de <ll>, <y> e <j>, pero que ten implicacións fonéticas.

2.1.1.1. O dígrafo <ll>

Procede fundamentalmente do grupo latino homógrafo e subsistiu como grafía arcaizante; o proceso de castelanización non puido ser máis simple, xa que unicamente consistiu en reasignarlle a este dígrafo o valor da consoante palatal propia do castelán. En portugués, sen embargo, quedan aínda apelidos con —ll— pronunciados como /l/ (cf. *Vasconcellos*, *Vasconcelos*), ó non existir posibilidade de confusión co /ʎ/ (fonema consonántico lateral palatal sonoro), xa que o dígrafo utilizado para este son é, como se sabe, <lh>.

Tivemos en conta especialmente os apelidos procedentes da voz común *vila* e os seus derivados e compostos, todos eles de clara orixe toponímica. Se a forma primitiva, *Vila*, aparece moitas máis veces na súa forma galega ca *Villa*, o comportamento dos seus derivados e compostos é diferente: *Villanueva*, *Villar*, *Villares* e *Villaverde* son máis frecuentes ca *Vilanova*, *Vilar*, *Vilares* e *Vilaverde*, mentres que non atopamos equivalentes casteláns para *Vilaboa*, *Vilabella*, *Vilacoba* ou *Vilachán* (por outra parte, menos importantes cuantitativamente), noutros compostos só hai castelanización da palabra relacionada con *vila*: *Villaboy*, *Villarchao*, *Villarnovo*, *Fondevilla*, *Villavedra*... e non son raros os casos de diferentes graos de castelanización na mesma palabra: ó lado do máis común *Vilariño* hai *Villariño*, *Vilarino* e, por fin, o último grao, *Villarino*. Por outro lado, cómpre ter presente a castelanización do topónimo do que proceden:

Dos 215 lugares que derivan de VILLA- na prov. da Coruña, 158 conservan Vila- e 57 pasaron a Villa-; a proporción de Lugo é de 244/188. Entre os compostos hai algúns que non se alteran nunca

(Vilachá 32 veces nas dúas provincias, Vilaboa 16 veces); en cambio Vilamor (2 veces) fronte a Villamayor (14 veces) ou Villamor (811 veces) ou Vilamayor (4 veces). (Santamarina 1988: 94).

E, por último, hai que considerar que non tódolos exemplos de formas castelás que veremos en diante son sempre castelanizacións de apelidos galegos; tamén pode tratarse de individuos procedentes de fóra de Galicia⁸: en Asturias, por exemplo, existe *Villabona*, *Villanueva*, *Villar* e *Villares*. O caso de *Valle* é semellante ó de *Gallego*: estas formas son moito máis comúns cas propias, *Val* (ou *Vale*) e *Galego*; con respecto a esta última forma, o xentilicio de Galicia, como se sabe, foi castelanizado de maneira xeneralizada, e, se ben en certos casos o apelido pode vir de persoas procedentes de fóra de Galicia, cómpre ter en conta que na Idade Media aplicábase tamén como equivalente a ' cristián', en contraposición a 'xudeu' ou 'musulmán'⁹.

Formas galegas	Formas castelás/castelanizadas
Cimadevila 143	Cimadevilla 9
Fondevila 495	Fondevilla 5
Galego 731	Gallego 4171
Vale 309 ~ Val 757 ~ Bal 7	Valle 1017
Vila 9263	Villa 670
Vilabella 8	Villavieja 1
Vilaboa 620	—
Vilaboy 385 ~ Vilaboy 1 ~ Vilavoy 4	Villaboy 2
Vilacoba	—
Vilachán 74	—
Vilanova 1048	Villanueva 3068, Villanova 12
Vilar 3334	Villar 11977
Vilarchán 10 ~ Vilarchao 135	Villarchao 4
Villares 187	Villares 389

⁸ En realidade cumpriría facer un estudio xenealóxico de cada apelido para coñecer esta circunstancia ou, no seu caso, dos fluxos migratorios en cada zona ou localidade. Para os topónimos de orixe asturiana utilizamos como referencia o libro de García Arias (1977), e para os apelidos de orixe catalana, o de Moll (1987).

⁹ Por exemplo, en documentos do Tumbo de Sobrado do séc. XII, onde aparece con relativa frecuencia como segundo nome; a súa aparición nunha colección documental de Galicia debe designar unha circunstancia desta clase no canto de orixe étnica. Véxase Boullón (1994 s.v. *galego*).

Vilariño 4300	Villarino 771, Villariño 56, Vilarino 58
Vilarnovo 98	Villarnovo 265
Vilas 4360	Villas 21
Vilavedra 90	Villavedra 1
Vilaverde 3	Villaverde 4581
Vilouta 120	Villota 1

2.1.1.2. O grafema <y>

Esta letra, inexistente no alfabeto latino, representaba na Idade Media, entre outros valores fonolóxicos, a semivocal ou a semiconsoante palatal que na grafía moderna se representa con <i>. Continuadores deste valor son as grafías do tipo *Rey* ou *Vilaboy*, contrastando coa escaseza das formas en -i (*Rei*, *Vilaboi*, etc.); que forzosamente han de tratarse de galeguizacións modernas conscientes. O feito que de que grafíen con <y> ou con <i> non supón cambio ningún na pronuncia, que sempre será a mesma.

Sen embargo, non ocorre o mesmo cando vai en posición antevocálica, xa que en castelán representa un fonema consonántico (fricativo palatal sonoro). Nestes casos, a continuación da grafía tradicional supuxo unha castelanización fonética das formas galegas. Quizais o exemplo máis rechamante sexa o de Yáñez, patronímico de Xoán (lat. Iohannes), forma castelanizada que continúa unha das variantes medievais gráficas realmente existentes na escrita (as máis frecuentes eran Anes, Eanes e Yanes: véxase Boullón 1995), e que correspondería coa galega Eanes, non representada nos censos e que, significativamente, é a usual en portugués. En castelán, Yáñez é perfectamente explicable: presenta consonantización do iode inicial, a nasal palatal /ɲ/ como resultado normal da concorrencia dos dous nn en posición intervocálica e o cambio da sibilante final en -z por analoxía co sufixo patronímico que aparece no resto dos apelidos. Unicamente Yanes ou Yanez poderían considerarse descendentes directos das variantes gráficas galegas medievais. Os poucos casos de Anes e Oanes escaparon á castelanización posiblemente por non seren identificados con Yáñez.

Eanes 0 ~ Yanes 17 ~ Yanez 128 ~ Anes 33 ~ Oanes 138 ~ Oanez 1 /
Yañez 4469 ~ Iañez 5 ~ Yañes 6

Rei 19 ~ Rey 26124

Reis 141 / Reyes 583

2.1.1.3. Os grafemas <j, g^e, i>

O uso actual destes grafemas nos apelidos galegos ten en parte unha procedencia etimolóxica graficamente idéntica en latín, ou ben supón unha continuación natural das grafías medievais¹⁰; o que ocorreu é que se produciu unha reasignación do valor fonolóxico ó grafema histórico: o <g>, por exemplo, no canto de representa-la pronuncia moderna do galego, o fonema /j/ (fricativo prepalatal xordo), pasa a lerse como o que representa en castelán, isto é, o fonema /x/ (fricativo velar xordo). Tal é o que acontece co gal. mod. *xesta*, ant. *gesta*, port. *giesta*, cast. ant. *hiniesta* < lat. *genēsta*, ou co gal. mod. *laxe*, ant. *lage*, port. *laje*, cast. *laja* < hisp. lat. *lagēna*, ou o nome persoal *Xenxo*, *Xes* ou *Xens*, port. *Gens*, cast. *Ginés* < lat. *Genesisius* (Ferro 1992 s.v.); nestes casos mesmo aparecen formas inexistentes en castelán, como **gesta* (e derivados), **lage* ou **Gens*. Non houbo, salvo en casos contados, unha actualización da grafía, isto é, o uso de <x>; cando este último grafema aparece, está claro que é produto dunha galeguización consciente. Porcentualmente, como se pode ver, estas formas modernizadas son moi escasas¹¹.

Grafía moderna	Grafía etimolóxica ou forma castelá	Portugués
Xil 4	Gil 9694 ~ Jil 2	Gil
Xuncal 2	Juncal 2010	Juncal
Xesta 2	Gesta 2	Giesta
Xestal 5	Gestal 1138 ~ Jestal 2	Giestal
Xesteira 24	Gesteira 495 ~ Jesteira 1	Giesteira
Xestoso1	Gestoso 615 ~ Jestoso1	Giestoso
Xesto 1	Gesto 1010	Gesto
—	Justo 2791	Justo
Laxe 7	Lage 3128 ~ Laje 38	Laje
Xaneiro 1	Janeiro 1194	Janeiro
Toxo 3	Tojo 937	Tojo
Granxa 3	Granja 704	Granja
Xoán 2	Juan 314	João
—	Gens 38 , cast. Ginés 8	Gens

¹⁰ As formas equivalentes en portugués, xeralmente continuadoras das grafías históricas, tomámoslas de Machado (1984).

¹¹ Hai que ter en conta, de todas maneiras, que o censo que estamos manexando é do ano 1980, e electoral, é dicir, de persoas que neste ano eran maiores de 18 anos: recórdese que a lei que permite a galeguización dos nomes é do ano 1977, e sempre se puxeron máis atrancos no caso dos apelidos, polas implicacións hereditarias que puidese haber.

2.1.2. As intervencións castelanizadoras

Ata o momento vimos formas que non presentan máis grao de castelanización có de mante-las grafías tradicionais, que non concordan coas modernas galegas e si coas castelás, o que produciu as repercusións fonolóxicas que xa vimos. Sen embargo, cando a grafía galega coincide coa máis etimolóxica e comprobamos como a maioría das formas presentan unha distinta, casualmente igual á española, é evidente que houbo unha modificación consciente nese sentido.

2.1.2.1. Cambio de <x> por <g>, <j>

Este cambio prodúcese cando o grafema moderno <x> se remonta ó grafema latín ou medieval <x>; xa non podemos falar de inercia gráfica, senón dun proceso activo de castelanización consciente: ó muda-lo <x> por <j> ou <g>, arréndase as formas galegas tanto da súa pronuncia real coma da súa grafía etimolóxica. En moitos destes exemplos observamos diversos graos de castelanización: así, a partir de *Teixeiro*, derivado do lat. *taxus* (López 1983), chegan os híbridos *Teijeiro*, *Tejeiro*, ata a forma castelá *Tejero*; de tódalas formas, o máis habitual é quedar nos primeiros graos (e así *Teijeiro* é moito máis frecuente ca *Tejeiro* ou *Tejero*, ou *Enjamio* < lat. *examen*, e nunca **Enjambre*, ou *Jofre* < lat. *sulphūris*), posiblemente porque o axente castelanizador descoñecía o equivalente correcto en castelán, ou porque era tan distinto que a modificación podía implicar dificultades para a identificación do individuo. Trátase dun proceso paralelo ó ocorrido na toponimia «oficial», onde, ata hai ben pouco,

o sonido /j/ é substituído de modo case sistemático por /x/ (graficamente x por j): ... de Abaixo, Xunqueira e moitos outros pasaron a de Abajo, Junquera, por tradución e serviron de ponte para a adaptación de casos en que a tradución era imposible ou difícil: Irixoa, Eirexe, Toxal, Carabuxeira... substituíronse por Irijoa, Eireje, Tojal, Carabuxera. Pasaron con todo ó nomenclátor oficial algunhas formas con x sen que haxa razón ningunha aparente que o xustifique: entre moitos Seijo quedaron tamén algúns Seixo sen alterar. Advírtase que /j/ galego pasou a /x/ e non a /s/ como sería de esperar nunha situación non bilingüe (Santamarina 1988: 90).

A seguir presentámo-la relación das formas máis frecuentes en que ocorre isto. Amais do dito, obsérvese a gran desproporción entre o número das formas

etimolóxicas conservadas en *Teixeiro* (6) e o seu feminino *Teixeira* (605). Cremos que isto se pode atribuír á maior abundancia da variante masculina (uns 2.000 casos, fronte a menos da metade da feminina), o que podería indicar unha maior xeneralización do efecto castelanizante nas formas maioritarias, mentres que as menos frecuentes escaparían máis doadamente a este efecto. O mesmo se pode apreciar con outras formas como *Meixide*, un apelido relativamente frecuente que se encontra maioritariamente coa forma *Meijide*, mentres que outras formas da mesma familia (derivados de *ameixa*: véxase Moralejo 1974: 352, e esta do lat. **myxīla* ou **myxūla*, do grego *myxa*), máis escasas, se mantiveron coa grafía orixinal (vid. abaixo *Meixeira*, *Meixeiro*, *Meixengo*).

Galego	Forma castelá/castelanizada	Portugués
Meixide 1	Meijide 971	Meixide
Seixo 3	Seijo 3297	Seixo
Seixas 12	Seijas 2530	Seixas
Ximénez 1	Giménez 672 ~ Jiménez 2372	Ximenes
Teixeiro 6	Teijeiro 2095, Tejeiro 53, Tejero 157 ..	Teixeiro
Reixa 2	Reija 63, Reja 1	Reixa
Reixeira 4	—	—
Roxo 2	Rojo 1624	Roxo
Roxa 1	Roja 7	—
Teixeira 605	Tejeira 316, Tejeira 7, Tejera 21	Teixeira
—	Enjamio 155 ~ Engamio 4 ~ Enjameo 1	Enxame
Xisto 8 ~ Sisto 101	Sisto	Xisto, Sisto
Xabier 1 ~ Xavier 8	Javier 29	Xavier
—	Jofre 45	Enxofre (top.)

En contraposición, hai uns poucos apelidos galegos que non teñen o seu correspondente con *J* ou *G* en castelán¹², dos que destacaremos polo seu número de ocorrencias o fermoso composto *Xoubanova*, que se mantivo incólume á castelanización e tampouco ten equivalente en portugués.

¹² A maioría de difícil identificación e con unha soa ocorrencia, polo que non se pode descartar que algún deles se trate dun erro mecanográfico do censo.

Galego	Forma castelá/castelanizada	Portugués
Meixeira 16	—	Meixeira
Meixeiro 10	Meijeiro 2	Meixeiro
Meixengo 31	—	—
Xabau 1	—	—
Xebra 1	Jebra 1	—
Xerne 1	—	—
Xesmonde 1	—	Gesmondi (top.)
Xifra 2	—	—
Xoubanova 16 ~		
Xouvanoba 1 ~		
Xouvanova 2	—	—

2.1.2.2. Castelanización das secuencias *ou*, *ei*

Examinaremos en primeiro lugar as formas que presentan a monotongación das secuencias galegas *ou > o*, *ei > e*, e comprobaremos se obedecen ás mesmas pautas de comportamento. Os apelidos que presentan *ou* teñen diversas procedencias: poden ter orixe antroponímica, como *Lourenzo*, *Moure*, *Nouche* (de *Naustus*: vid. Piel 1947: 558-560), toponímica (*Souto*¹³, *Lousa*, *Pousa* e derivados, *Bouza*, *Sousa*, *Montouto*, *Toural*) ou nun alcume (*Mouriño*)¹⁴.

2.1.2.2.1. *ou > o*

Formas galegas	Formas castelás/castelanizadas
Bouza 3724	ast. Boza 14
Bouzas 3414	ast. Bozas 10
Bouzón 1415	—
Lourenzo 8	Lorenzo 22667
Lousa 190	Losa 64

¹³ Do lat. *saltus*; no caso de *Soto* podería tratarse tamén da voz galega homónima (< lat. vg. **subtulum*, port. *sótão*, cast. *sotano*), pero dado a súa inexistencia como apelido tanto en portugués coma en castelán (poucos apelidos hai procedentes de denominacións de partes da casa), cremos que se debe tratar da castelanización de *souto*; así tamén o creu Machado (s.v.).

¹⁴ Non incluímos aquí a parella *Couto* 3782 / *Coto* 686, porque é imposible saber cando *Coto* é a castelanización de *Couto* e non a forma galega (< prerromano **cotto*); para comprobalo habería que facer unha análise individualizada da árbore xenealóxica dos individuos.

Lousada 25	Losada 6278
Montouto 798	Montoto 151
Moure 3046	More 11
Mouriño 2505	Mourino 52, Moriño 2, Morillo 92, Mourillo 1
Mouro 560	Moro 168
Nouche 269	Noche 96
Pousa 1803	Posa 36
Pousada 1249	Posada 952
Sousa 2597	Sosa 41
Souto 12641	Soto 7622
Soutelo 230, Sotelo 3074	Sotillo 42, Soutillo 8, ast. Sotiello
Toural 17	Toral 119
Touriño 949	—
Touro 3	Toro 318

En todos estes exemplos observamos unha pauta de comportamento similar: a monotongación é máis abundante cando o ditongo orixinario -ou- está en posición átona, como en *Lourenzo* / *Lorenzo*, *Soutelo* / *Sotelo*, *Lousada* / *Losada*, *Toural* / *Toral*, e moito menor se está en posición tónica: *Souto* / *Soto*, *Lousa* / *Losa*, *Nouche* / *Noche*. O caso, entre os expostos, que contradí esta tendencia é *Mouriño*, que presenta outras características morfolóxicas (sufixo -iño) que, ó noso xuízo, obstaculizaron a castelanización; o mesmo lle ocorrería a *Touriño*, en contraste con *Touro*. En moitos casos é posible tamén «que actuase... un efecto inhibitor nacido do ridículo que resultarían castelanizacións como **Bozas*, **Toro*, **Chosa*, **Valota* (ou **Vallota*)» (Santamarina 1988: 91).

2.1.2.2.2. ei > e

Os apelidos co ditongo *ei* corresponden na súa maior parte ó sufixo -eiro: trátase de nomes que teñen a súa orixe en alcumes, case sempre profesionais (*Ferreiro*, *Maneiro*, *Monteiro*, *Sueiro*), ou en topónimos, tirados de nomes de lugar comúns, normalmente procedentes de designacións de plantas ou accidentes topográficos (*Outeiro*, *Piñeiro*, *Barreiro*, *Carreira*, *Pereira*, *Oliveira*, *Teixeiro*).

Formas galegas

Barreiro 16036
Cabaleiro 3204, Cavaleiro 4
Carreira 2314
Castiñeira 2979
Castiñeiras 2244
Felgueira 6 ~ Filgueira 2678
Felgueiras 30 ~ Filgueiras 1152
Ferreira 4600
Ferreiro 11921
Figueira 1733
Filgueira 2678
Folgueira 170
Folgueiras 34
Folgueras 4, Holgueras 7
Forneiro 217
Gaiteiro 130
Loureiro 4596 ~ Laureiro 10
Maceiras 2158
Maneiro 2386
Mariñeiro 3
Monteiro 213
Moreira 4473
Mosqueira 169
Naveira 1838 ~ Nabeira 4
Neira 3068 ~ Neyra 17
Nogueira 5962
Oliveira 2125
Oreiro 714
Outeiral 842
Outeiriño 419
Outeiro 280
Pedreira 2897
Pereira 15783
Pereiro 3940

Formas castelás/castelanizadas

Barrero 54
Caballero 526
Carrera 5523
Castiñera 3, Castineira 64
Castiñeras 8, Castineiras 97, Castañera 1
Helguera 9
—
Ferrera 23, Herrera 323
Ferrero 242, Herreiro 2, Herrero 791, cat. Ferrer 571
Figuera 12, Higuera 20, Figueiras 2245, Figueras 78, Higueras 4
Filguera 8, Hilguera
Folguera 2, Holguera 1
—
—
Fornero 1, cat. Forner 1
Gaitero 30
Lorero —, ~ Laurel 9
—
Manero 7
Marinero 10
Montero 6890
Morera 11
Mosquera 10410
Navera 1
Nera 11
Noguera 43, Nogal 10
Olivera 121
Oreiro 13
—
Oteriño 1, Oterino 67
Otero 28624
Pedreira 42
Perera 18
Perero 3

Piñeiro 17159 ~ Piñeyro 24	Piñero 39
Regueira 3398	Reguera 742
Regueiro 4141	Reguero 51
Ribeira 27, Riveira 576	Ribera 120 ~ Rivera 5622
Ribeiro 349 ~ Riveiro 4327	Ribero 52 ~ Rivero 2472
Rodeiro 851	Rodeyro 9, Rodero 24
Salgueiro 2576	Salguero 40, Sauce , ast. Salce 1
Sueiras 597	—
Sueiro 2169	Suero 34
Taberneiro 7	Taberner 39, cat. Taberner 2
Teixeiro 6	Teijeiro 2095, Tejeiro 53, Tejero 157
Veiga 7336	Vega 2417

Non podemos facer aquí unha distribución segundo o lugar que ocupa o acento da palabra, posto que aquí sempre é tónico: a maior parte das veces, como dixemos, trátase do sufixo *-eiro*. As formas con monotongación son sempre transparentes: *Otero*, *Montero*, *Rivera* e *Carrera*. As que se libraron en maior medida dela non teñen unha versión tan inmediata (gal. *piñeiro* / cast. *pino*, gal. *pereira* / cast. *peral*, gal. *nogueira* / cast. *nogal*, gal. *castiñeira* / cast. *castaña*, gal. *loureiro* / cast. *laur*, gal. *salgueiro* / cast. *sauce*), ou requiren unha transformación que implica máis cambios (coma o f-: *Ferreiro*, *Figueira*, *Filgueira*), ou proceden de topónimos sen tradución directa (*Ribeiro*, *Neira*).

2.1.2.3. A ditongación

Entre os apelidos máis frecuentes o procedemento de castelanización que se aplicou de maneira máis sistemática foi o da ditongación castelá: así vemos *Fuente(s)*, *Puente(s)*, *Villanueva*, *Cuevas*, *Cuervo*, maioritarias fronte as correspondentes formas galegas, e só *Porto(s)* e *Novo* resistiron ás espúreas. O mesmo se pode dicir do ditongo *-ie-*: *Prieto*, *Nieves*, *Nieto* e *Gutierrez*¹⁵, fronte a *Rego*, *Prego*, *Hermo*, *Bello*. Ordenámolas aquí por orde de frecuencia.

¹⁵ Aínda que é dubidosa a consideración deste último apelido como castelanización moderna, xa que desde a introducción do nome do que procede no país, no século X, apareceu regularmente a forma ditongada *Gutier* ó lado da non ditongada *Gutierre* (vid. Boullón 1994 s.v.).

2.1.2.3.1. -ue- / o

Formas galegas	Formas castelás/castelanizadas
Fontes 80	Fuentes 6303
Fonte 356	Fuente 1839
Porto 4321	Puerto 61
Portos 407	Puertos 1
Porta 668	Puerta 58
Portas 1613	Puertas 215
Novo 3866	Nuevo 43
Ponte 2221	Puente 2283
Pontes 179	Puentes 962
Villanueva 3068	Vilanova 1048
Cova 6	Cueva 28
Covas 18	Cuevas 482
Horta 155	Huerta 88
Hortas 285	Huertas 219
Horto 1	Huerto 23
Corvo 5	Cuervo 206

2.1.2.3.2. -ie- / e

Formas galegas	Formas castelás/castelanizadas
Preto 5	Prieto 9770
Vello 143 ~ Bello 6146	Viejo 78
Neto 11	Nieto 5653
Ferro 3259	Fierro 85, Hierro 74
Gutérrez ~ Guterre	Gutiérrez 2922
Rego 2383	Riego 83
Rega 223	Riega 4
Prego 2139	Priego 97 ~ Pliego 26
Pregue 5	Priegue 407
Hermo 2060	Yermo 11
Neves 24	Nieves 1394

2.1.2.4. O f- inicial

A caída do f- é un dos fenómenos que presenta maior resistencia: son sempre máis abundantes as formas con f- (unha desproporción tal que as formas castelás se poderían atribuír case sen dúbida á orixe foránea, máis cá castelanización: *Formoso > Hermoso, Ferro > Hierro*), e incluso non se rexistran correspondentes casteláns dalgúns deles (*Fariña, Falcón, Farrapeira...*).

Formas galegas	Formas castelás/castelanizadas
Falcón 851	—
Fariña 4664	—
Farrapeira 110	—
Felgueira 6 ~ Filgueira 2678	Helguera 9,
Felgueiras 30 ~ Filgueiras 1152	—
Fernández 144394	Hernández 2346
Ferro 3259	Fierro 85, Hierro 74
Fidalgo 3108	Hidalgo 375
Figueiras 2245	Figuera 78, Higuera 4
Folgueira 170	Folguera 2, Holguera 1
Folgueiras 34	Folguera 4, Holguera 7
Formiga 1	Hormiga 2
Formigo 269	Hormigo 2,
Formoso 2907 ~ Feroso 19	Hermoso 23
Furtado 1	Hurtado 66

2.2. A ANALOXÍA MORFOLÓXICA

2.2.1. O sufixo patronímico

Na Idade Media o sufixo patronímico indicaba filiación, isto é, o fillo de *Martinus* engadía o sufixo ó nome do pai, que se convertía no seu segundo nome para indicar este grao de parentesco (*Petrus Martinici* era *Pedro*, fillo de *Martiño*). Nalgúns apelidos galegos, por mor de certos fenómenos fonéticos (caída do -l- ou do -n-, etc.), a evolución foi moi distinta cós seus correspondentes casteláns, ata o punto de non se deixar transparentar doadamente a equivalencia. E é ben rechamante a altísima desproporción numérica entre as formas galegas e a común co castelán en certos patronímicos.

Empezaremos exemplificando co derivado patronímico de *Martinus*: dunha forma latinizada *Martinici* proceden os modernos *Martíns*, *Martinz* ou *Martís*, e tamén *Martínez*, que só pode ser considerada forma castelá, a non ser que se pense nunha restitución cultista tomando como base os outros patronímicos. Pero esta última posibilidade é a máis descartable, tendo en conta os testemuños medievais¹⁶. Na fonte que nos serviu de base, o máis habitual, como ocorre coñ moitos nomes ou apelidos comúns, é a aparición de abreviaturas, neste caso: *Mrs / Mrz* e, en menor proporción, *Mr, Mrrn, Mrts / Mrtz, Mrt, Mrtis / Mrtiz, Mtiz, Mz / Ms* e *Mart* (todos eles cun til de abreviación por riba). Das 76 veces que aparece este patronímico, só o encontramos por extenso en 9 ocasións: *Martíz* (5), *Martíz* (1) ou *Martís* (1), e *Martís* (2), todas elas claras antecedentes das formas modernas.

Non ocorreu o mesmo co patronímico de *Miguel*, xa que as formas galegas (*Miguez, Míguez, Miguéns*: véxase López 1981) son ben máis abondosas ca *Miguel*, ou co de *Bieito*, pois a forma castelá *Benítez* presenta unha porcentaxe aínda menor. Seguramente influíu o feito de ser máis clara a relación de *Martíns* con *Martínez* cá de *Miguez* ou *Míguez* (con desprazamento acentual por analoxía cos restantes patronímicos, graves) ou *Miguéns* (cun *n* antietimolóxico xerado pola primeira nasal) con *Miguel*, e, aínda máis, a de *Bieites* coa versión española de *Bieito*, isto é, *Benito*. O caso de *Pais* ou *Paz* é diferente, pois o nome de base, *Paio*, foi substituído polo castelán *Pelayo* que, por outra parte, trala Idade Media perdeu moita popularidade (véxase Navaza 1991).

Formas galegas	Formas castelás
Martíns 252, Martinz 5, Martís 143	Martínez 81462
Miguéns 1671, Míguez 8760, Miguez 94, Míngues 1, Minguéns 7 ...	Miguel 1391
Paz 12174 ~ Paes 7 ~ Pais 1874 ~ Paez 189	Peláez 279 ~ Pelaz 6
Vieites 2214 ~ Vieitez 1831 ~ Vieytez 2 ~ Vieytes 25 ~ Bieitez 2 ~ Bieites 5 ~ Bieitez 2	Benítez 329

2.2.2. Outros sufixos e terminacións

Outros trazos morfolóxicos parecen presentar maior resistencia á castelanización: entre os analizados, as formas en *-elo/a* son numericamente máis impor-

¹⁶ Baseámonos na compilación de Lucas & Lucas (1988), que contén un medio millar de documentos desde 1021 a 1486. Como é desgraciadamente habitual nas edicións documentais galegas, os editores non indicaron con algún procedemento tipográfico o desenvolvemento das abreviaturas, o que é especialmente frecuente nos nomes propios; isto obrigounos a ir comprobar cada unha das lecturas ós documentos orixinais.

tantes cás correspondentes en *-illo/a*. No que atinxe a *-iño/-ino*, parece haber máis resistencia á castelanización cando corresponde ó sufixo diminutivo: e así *Vilariño, Calviño, Patiño, Valiño, Valiñas, Cerviño*, etc., son moito máis abondosos cás correspondentes formas en *-ino*; nestes casos, ademais, non se atopou o correspondente castelán correspondente, *-ito*. Cando se trata dunha terminación, os apelidos castelanizados tende a aumentar cando se trata de formas de traducción transparente: *Camiño / Camino, Veciño / Vecino, Lino / Liño, Sobrino / Sobriño, / Sobrín*. O apelido que escapa con moito a esta tendencia é *Mariño*, que é ademais o máis frecuente dos que presenta esta terminación. Polo resto, como é habitual, as formas nas que cumpriría máis de unha transformación para seren castelanizadas escapan mellor a este proceso: *Muíño, Vilariño, Mouriño*, etc.

2.2.2.1. -elo(a) / -illo(a)

Cancela 2772	—
Cancelo 743	Cancello 1
Castelo 2109	Castillo 667
Portela 4954	Portilla 37
Quintela 3570	Quintilla 1
Soutelo 230, Sotelo 3074	Sotillo 42, ast. Soutillo 8

2.2.2.2. -iño(a) / -ino(a)

Calviño 3277	Calvino 101
Camiño 559	Camino 1118
Cerviño 1567	Cervino 25
Espiño 716	Espino 149
Espiña 290	Espina 61
Fandiño 2989	Fandino 39
Galiña 33	Gallina 24
Liño 18	Lino 187
Mariño 6590	Marino 165
Meiriño 655	Meirino 36, Merino 558
Meniño 60	Menino 1
Mouriño 2505	Mourino 52, Moriño 2, Morillo 92, Mourillo 1
Muíño 2868 ~ Moíño 8	Molino 33
Muíños 2388 ~ Moíños 6	Molinos 345
Patiño 2850	Patino 65
Sardiña 329	Sardina 166

Sobrín 9	Sobrino 1933
Touriño 949	—
Valiñas 508 ~ Baliñas 205	Valinas 6 ~ Balinas 2, ~ Vallinas 8 Ballinas 3, Vallecillos 2
Valiño 1920 ~ Baliño 142	Valino 40, Vallino 1, Vallejo 508
Veciño 49	Vecino 645
Vilariño 4300	Villarino 771, Villariño 56, Vilarino 58

2.3. OS NEXOS PREPOSICIONAIS

No que respecta ós apelidos que presentan nexos preposicionais, case todos eles de orixe toponímica ou microtoponímica, hai algúns exemplos de fosilización da contracción da preposición *de* co artigo (*do[s]*), (*da[s]*), que aparece graficamente unida á frase nominal, sen espazo de separación (*Dafonte, Darrocha, Dasilva, Dafortuna, Dagloria, Dapena, Docobo, Doforno, Dosantos...*). Esa indisolubilidade gráfica contribuíu, pensamos, á súa conservación (alomenos en casos como *Daponte / Puente, Dafonte / Fuente* e semellantes). En bastantes menos ocasións se observa a secuencia tal e como hoxe a escribimos (*da Costa, da Cruz, da Veiga*), contrariamente ó que ocorre en portugués, onde non se rexistran esas formas coa preposición 'pegada'. E todos eles son minoritarios se os comparamos co núcleo da frase nominal sen a contracción (*Daponte / Ponte*). Non cremos, sen embargo, que a ausencia de preposición + artigo se deba unicamente á influencia do castelán, senón que se pode explicar simplemente pola tendencia á economía da linguaxe, nunha operación que non deixa de ser usual na lingua falada (*Carne de Burela > Carne Burela*). Por outra parte, cómpre ter en conta que con este tipo de material informatizado non podemos afirmar con rotundidade que formas presentan nexo ou non, pois pode estar ou non rexistrado. Só nos queda constancia da frecuencia da castelanización de *del Río*. Das outras formas galegas non atopamos correspondente castelán. Presentámolos datos alfabeticamente, indicando en letra negra os máis frecuentes

Apelido con preposición	Apelido sen preposición	Forma castelá
Da Aldea 1	Aldea 49	
Da Costa 4 / Dacosta 1249	Costa 6338	
Da Cruz 4 / Dacruz 93 / Dacrús 1.....	Cruz 3043, Crus 2	
Da Cuña 2	Cuña 605	
Da Fonte 1 / Dafonte 560	Fonte 356	Fuente 1839
Da Piedade 1	Piedade 4	Piedad 21
Da Ponte 6, Daponte 298	Ponte 2221	Puente 2283

Da Rocha 1, Darrocha 55, Darroca 7 ..	Rocha 1962	Roca 1834
Da Rúa 3	Rúa 2908	
Da Silva 5 / Dasilva 830	Silva 9722	
Da Veiga 29	Veiga 7344	
Daaira 19 / Dahaira 2	Aira 241	
Dabarca 32	Barca 792	
Dacoba 125, Dacova 1	Coba 238, Cova 6	Cueva 28
Daconcepción 10	Concepción 151	
Dacortiña 3, Dacortina 1	Cortiña 11	Cortina 24
Dafonseca 5	Fonseca 380	
Dafortuna 6	Fortuna 74	
Dagloria 2	Gloria 11	
Dalama 201	Lama 948	
Dapena 953 / Dapeña 5	Pena 10501	Peña 5
Dapera 1	Pera 3	
Dapereira 1	Pereira 15805	
Daplaza 2	Plaza 475	
Daporta 167	Porta 668	Puerta 58
Dapoza 60	Poza 360	
Daquinta 87	Quinta 181	
Darrosa 57	Rosa 209	
Darroza 68	Roza 48	
Dasilveira 1	Silveira 769	
Datorre 92	Torre 1400	
Daval 9	vid. Doval	
Daviña 84	Viña 894	
Davila 2778	Vila 9263	Villa 670
Dasairas 21, Daseiras 2	Airas 196, Eiras 1294	
Dasilvas 1	Silvas 7	
Dasneves 1	Neves 24	Nieves 1394
Daspenas 1, Daspeñas 1	Penas 1779	Peñas 42
	Del Río 3839	Río 5931
Dobarco 24	Barco 367	
Dobarro 734	Barro 1411	
Docampo 2172	Campo 4	
Docamiño 31	Camiño 559	Camino 1118
Docarme 10	Carmen 33	
Docasal 8	Casal 9620	
Docasar 96	Casar 95	
Docobo 12	Cobo 138	

Docurro 20	Curro 110	
Doeijo 13	Eijo 83	
Doejo 17	Ejo 3	
Doforno 108	Forno 35	Horno 3
Dolugar 9	Lugar 1	
Domarco 158	Marco 59	
Domato 108	Mato 4282	
Donacemento 8, Donacemento 5	Nacemento 13, Nascimento 3	Nacimiento 36
Donacemento 1, Donacimiento 1	Nacimiento 26, Nascimento 24	Nascimento 5
Dopazo 2441	Pazo ¹⁷ 1917, Pacio 41	Palacio 105
Dopico 3156	Pico 1392	
Doporto 149	Porto 4321	Puerto 61
Dopozo 108	Pozo 334	
Dorrego 261	Rego 2396, Rejo 124	Riego 83
Dosanto 1	Santo 27	
Doval 2275 / Dobal 15, Dovale 97 ...	Val 757, Bal 3	Valle 1017
Dovalo 145	Valo 20	
Dovao 24 / Dobao 117	Vao 3, Bao 925	
Dovigo 19	Vigo 2339	
Doviso 19	Viso 686	
Doliveira 2	Oliveira 2124	Olivera 121
D'Amorín 2	Amorín 801	
Dos Santos 4, Dosantos 265	Santos 12207	
Dos Anjos 1, Dosanhos 2	Anjos 50	Ángeles 28
Dos Reis 2, Dorreis 2	Reis 141	Reyes 583

3. CONCLUSIÓNS

Á parte das razóns externas de índole sociolingüística que provocan a intervención consciente na castellanización dos apelidos, cremos que se pode afirmar que hai certos factores internos que favorecen ou dificultan este proceso.

En primeiro lugar, a transparencia das formas conduce á castellanización fonética: converte o <x> (/j/) en <j>, g> (/x/), con axuda moitas veces da inercia gráfica (o que facilita a continuación do -ll- en *Villares*, *Villanueva*). Parece claro que a transparencia axudou a transformar formas como *Otero*, *Montero* ou *Rivera*,

¹⁷ Nesta forma inacentuada agóchase tamén o apelido *Pazó* (< lat. PALATIOLUS).

mentres non o fixeron *Piñeiro, Pereira, Nogueira...* Sen embargo, este factor —a transparencia— non abonda para explica-las pautas de comportamento que motivaron a traducción de *Fuente(s), Puente(s), Prieto, Nieto*, fronte a outras igualmente transparentes que si resistiron (*Porto, Novo, Rego, Prego* ou *Hermo*).

En segundo lugar, hai certas condicións fonéticas ou morfolóxicas que axudaron ou atrancaron a deturpación. No primeiro caso estaría a monotongación do *-ou-* en posición átona (*Lorenzo, Sotelo, Losada, Posada*), que non ocorrería na mesma proporción na tónica (*Souto, Lousa, Bouza, Sousa*). Factores que contribuírían a preservar-la forma de certos nomes serían a presenza de certos sufixos (*-elo, -iño*), especialmente en sufixos diminutivos.

Por último, unha outra consecuencia do proceso castelanizador, esta vez de tipo gráfico, foi a fosilización dos nexos preposicionais nos apelidos (*Davila, Docampo, Dopazo, Dopico*), contrariamente ó que ocorreu en portugués, onde a preposición se escribe da mesma maneira ca na lingua común (*da Vila, do Campo*, etc.).

Malia as agresións sufridas —nalgúñas formas, de xeito case sistemático— podemos afirmar que o estado de conservación xeral do conxunto dos nosos apelidos é bo, pois presérvase incólume en boa medida e, a parte máis afectada, é susceptible dunha doada re-galeguización. Cómpre soamente a vontade dos seus portadores para volvela a facer como foi, ou como debería ser.

REFERENCIAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1994): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XIII)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago.
- (1995): «Descendentes galegos de Iohannes», en *Homenaxe a Pilar Vázquez Cuesta*, Universidade de Santiago (en prensa).
- Ferro Ruibal, Xesús (dir.); Boullón Agrelo, Ana Isabel; García Álvarez, Xosé M.^a; Lema Suárez, Xosé M.^a & Tato Plaza, Fernando R. (1992): *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo, Vigo.
- García Arias, Xosé Lluís (1977): *Pueblos asturianos: el porqué de sus nombres*, Ayalga Ediciones, Salinas (Asturias).
- García y García, A. (dir.) (1981): *Synodicon Hispanum, I, Galicia*, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid.
- Kremer, Dieter (1994): «Galegisch Interne Sprachgeschichte. III. Onomastik», en Holtus, G.; Metzeltin, M. & Schmit, Ch. (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, VI.2, 34-36, Max Niemeyer, Tübingen.

- Lema Suárez, Xosé M. (1991): «Interferencias lingüísticas do galego no castelán de Galicia dos séculos escuros. Algunhas calas nunha comarca rural: a terra de Soneira», *Cadernos de lingua*, 3, 111-134. [Con seccións específicas de onomástica, pp. 122-132].
- (1993): «Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)», *Cadernos de lingua*, 8, 117-134.
- ez, Froilán (1981): «Onomástica galega. ¿Míguez ou Miguez?», *Grial*, 74, 507-508.
- (1983): «Onomástica galega. Os derivados de "Taxo", "Taxone" e "Taxario"», *Grial*, 82, 484-486.
- Lucas Álvarez, Manuel & Lucas Domínguez, Pedro P. (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media*. Colección diplomática, Public. de Caixa Galicia, Santiago.
- Machado, José Pedro (1984): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*, 3 vols, Confluência. Lisboa.
- Moll, Francesc de B. (1987): *Els llinatges catalans (Catalunya, País Valencià, Illes Balears)*. Assaig de divulgació lingüística, 4.^a ed., Moll, Palma de Mallorca: Moll.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*, Pico Sacro, Santiago de Compostela.
- Moreu-Rey, Enric (1991): «La castellanització dels prenomes. Contribució per a la cronologia», en *Antroponímia. Història dels nostres prenomes, cognoms i renoms*, 147-154, Universitat, Barcelona.
- Moreu-Rey, Enric (1991): «La primera "Mireia" després de la guerra», en *Antroponímia. Història dels nostres prenomes, cognoms i renoms*, 169-170, Universitat, Barcelona.
- Navaza, Gonzalo (1991): «O nome Paio», *Cadernos de Lingua*, 3, 25-36.
- Piel, Joseph M. (1947): «A propósito do nome do bispo Nausto de Coimbra (867-912): Os topónimos gal. Nouche, Nostián e port. Nostim», *Revista Portuguesa de História*, 3, 558-560.
- Santamarina, Antón (1988): «Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega», en Dieter Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85 aniversário*, Max Niemeyer, Tübingen.